

## REXISTRO DE PERSOAL VOLUNTARIO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

A Lei 6/1996, de 15 de xaneiro (BOE do 17 de xaneiro de 1996), do Voluntariado recolle por vez primeira unha norma específica referida á prestación de servizos de maneira altruísta e solidaria.

Un dos obxectivos da citada norma é superar e ampliar o concepto de voluntariado vixente ata ese momento, que aparecía asimilado ó puramente asistencial. Así, o artigo 4 inclúe como actividades de "interese xeral" as "asistenciais, de servizos sociais, cívicas, educativas, culturais, científicas, deportivas, sanitarias, de cooperación ó desenvolvemento, de defensa do medio ambiente, de defensa da economía ou da investigación, de desenvolvemento da vida asociativa, de promoción do voluntariado, ou calquera outra de natureza análoga".

Respecto das organizacións nas que se integran os voluntarios/as, a Lei esixe o cumprimento dos seguintes puntos:

- Desenvolver programas no marco das actividades de interese xeral recollidas no artigo 4 desta Lei.
- Cumprir os compromisos adquiridos co persoal voluntario no acordo de incorporación á organización na que o voluntario vai desenvolver o seu labor.
- Acreditar a subscrición dunha póliza de seguro que cubra os riscos de accidente e enfermidade.
- Cubrir os gastos derivados da prestación do servizo e dotar ós voluntarios/as dos medios axeitados para o cumprimento dos seus cometidos.
- Establecer sistemas internos de información e orientación adecuados para a realización das tarefas que lles sexan encomendadas ós voluntarios/as
- Proporcionar ós voluntarios a formación precisa para o correcto desenvolvemento das súas actividades.
- Facilitar ó voluntariado unha acreditación que o habilite e identifique para o desenvolvemento da súa actividade.
- Expedir certificados sobre os servizos prestados.
- Levar un Rexistro de altas e baixas do persoal voluntario.

Desta forma, a Universidade debe adoptar as medidas adecuadas para o cumprimento da norma para a incorporación de voluntarios e, entre estes, a creación dun Rexistro e a definición dos órganos encargados de expedir as certificacións acreditativas.

Procede, á vista do anterior, a creación dun Rexistro de Voluntarios, así como a determinación das condicións de inscrición e de expedición de certificacións.

### Artigo 1

Créase o Rexistro de Voluntarios da Universidade de Vigo, onde obrigatoriamente se inscribirán aquelas persoas que participen en programas de voluntariado convocados pola Universidade de Vigo ou por outras Administracións ou Entidades que teñan como destino e dependencia a Universidade de Vigo.

## Artigo 2

O Rexistro dependerá do Servizo de Extensión Universitaria. Corresponderá a este órgano a súa actualización e as ordes de altas e baixas no Rexistro.

## Artigo 3

O Rexistro será público, e poderán acceder ós seus datos todas aquelas persoas que así o desexen, podendo solicitar as certificacións que precisen previo aboamento da taxa correspondente.

## Artigo 4

O Rexistro deberá conter como mínimo, a seguinte información: nome do voluntario, D.N.I., programa de voluntariado, órgano convocante, data de inscrición, data da baixa e motivo da baixa.

## Artigo 5

A certificación dos servizos prestados como voluntario farase sempre en base ós datos contidos no Rexistro e será expedido polo Secretario Xeral da Universidade co Vº e Prace do Vicerrector que teña delegadas as competencias.

## Artigo 6

A inscrición de voluntarios de programas convocados pola Universidade de Vigo practicarase de oficio ou a instancia de parte, no caso de que se cumpran os requisitos da Lei do Voluntariado.

## Artigo 7

A condición de voluntario é incompatible coa realización do voluntariado na mesma actividade pola que obtén renumeración

## Artigo 8

Non procederá, tampouco, inscribir como voluntarios ós que realicen actividades que non sexan de interese xeral, e de carácter altruísta e voluntario, ou que incumpran os requisitos da Lei 6/1996, de 15 de xaneiro ou disposicións complementarias.

## DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Procederá a inscrición a instancia de parte, daquelas persoas que realizen actividades de voluntariado na Universidade de Vigo debidamente acreditadas nun período dun ano anterior á entrada en vigor da antedita Lei, sempre que cumpran os requisitos establecidos na mesma.


Tamén procederá a inscrición de oficio doutro tipo de voluntarios, que no momento da entrada en vigor, estean prestando este tipo de servizos para a Universidade de Vigo.

## DISPOSICIÓN FINAL


Ó Rexistro de Voluntarios, por ser de carácter público, no lle será de aplicación a lexislación sobre Protección de Datos de Carácter Persoal, sen prexuízo de que a Universidade non poida utilizar estes datos para fins distintos dos establecidos neste acordo.

*Dilixencia:* Para facer constar, antes da aprobación da acta correspondente, que a Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, na súa sesión de .9. de .11. de 2000, acordou aprobar o presente documento de "creación do Rexistro de Persoal Voluntario da Universidade de Vigo". Co Visto e Prace do Excmo. y Magfo. Sr. Rector.

Vigo, 15 de novembro de 2000.



V.º e Pr.  
O Rector



O Secretario Xeral

